

LITERATURA LATINA

LATÍN 2º DE BAC



IES Eduardo Pondal (Compostela)

Alumna: _____

APUNTAMENTOS



ROMA
OLIM
MILO
AMOR



I. O TEATRO: PLAUTO

1. INTRODUCCIÓN

ORIXES

O teatro non tivo en Roma o mesmo significado e a mesma importancia que en Grecia. Para os romanos as representacións eran *ludi scaenici* ou *ludi*, espectáculos, diversións. Os primeiros *ludi scaenici* eran representacións sen texto, de orixe etrusca e osca cun importante elemento de improvisación (atelas, versos fescenninos).

A partir do ano 240 a. C, as representacións teatrais institucionalizáronse en Roma con motivo dos *ludi*. Roma entra en contacto coa cultura grega ao conquistar o sur de Italia e Sicilia, a Magna Grecia. Os autores romanos comezan a adaptar comedias gregas, no 240 a. C. Livio Andrónico estrea a primeira obra dramática escrita ao adaptar un argumento helénico.



A REPRESENTACIÓN TEATRAL

As representacións teatrais empezaron a realizarse en marcos provisionais. Máis tarde empregáronse bancadas de madeira que se desmontaban ao final da representación, até que no ano 55 a. C. Pompeio inaugurou o primeiro teatro estable en Roma.


Mentres que os gregos adoitaban aproveitar unha ladeira ou declive do terreo para construír os teatros e dispor as bancadas, os romanos por medio de arcos e estruturas abovedadas puideron levantar edificios independentes. A práctica eliminación do papel do coro nas representacións romanas, fixo que a zona semicircular (*orquestra*) que lle estaba reservada quedase notablemente reducida.

O **escenario** romano dispoñía dun decorado fixo (*escena*), que simulaba unha estrutura arquitectónica: unha especie de edificio con tres portas, adornado con tres pisos de galerías con columnas, na que se representaba a acción, que normalmente tiña lugar na rúa, diante de tres casas.

Os **actores** agrupábanse en compañías (*grex*, *caterva*), dirixidas por un *dominus gregis*, unha especie de director xeral e produtor, que podía estar acompañado dun *choraegus*, o escenógrafo, responsable do vestiario, decorados, etc.

Os **actores (histriones)** eran sempre homes, que podían representar varios papeis, incluso femininos, cambiando de indumentaria e de perruca (na comedia non era tan frecuente o uso das máscaras como os actores gregos). As máscaras servían tamén para que a voz dos actores se proxectara máis facilmente. Na traxedia tamén usaban un calzado especial, o coturno, bota de media caña de sola grossa de cortiza que lles daba unha maior elevación, e na comedia *soccus*.

As representacións eran gratuítas, subvencionadas polos maxistrados públicos, en particular os edís, co fin de gañarse o favor popular nas eleccións. Ao teatro incluso podían asistir os libertos e os escravos.



2. OS XÉNEROS DRAMÁTICOS

A literatura latina denominaba *fabula* a calquera obra dramática escrita en verso, non usaba os termos traxedia e comedia. A distinción entre unhas e outras baséase na orixe do asunto tratado e na caracterización dos personaxes na escena. Distinguimos así:

Fabula palliata: comedia de tema, personaxes e lugar de acción gregos. Recibía esta denominación debido á prenda grega coa que saían vestidos os actores á escena, o pallium.

Fabula togata: comedia de tema romano, chamada así porque os actores vestían a toga, traxe típico dos cidadáns romanos.

Fabula cothurnata: traxedia de tema grego, en alusión aos coturnos, calzado que distinguía aos actores de traxedias gregas en época helenística.

Fabula praetexta, traxedia de tema romano, que aludía á toga praetexta, toga branca con franxa púrpura, que levaban os actores ao modo dos maxistrados.

3. A COMEDIA ROMANA

En Roma o xénero trágico non arraigou, en cambio o cómico cultivouse con grande éxito.

En Grecia, coa *Comedia Vella* de Aristófanes (s.V a. C.) podía-se criticar a personaxes concretos; pero cando Menandro escribe a *Comedia Nova*, xa non hai esa liberdade, polo que centra os seus temas na vida cotiá. A *fabula palliata* baséase nesta Comedia Nova ateniense, que é unha comedia de costumes na que a acción xira ao redor da vida e costumes duns personaxes fixos, tipos: o mozo namorado, o vello verde, avaro e rosmón, o soldado fanfarrón, a prostituta alegre e desenfadada, o escravo espelido, o parasito, o cociñeiro, etc.

A comedia romana evolucionou elementos da comedia e traxedia gregas como os coros, que eran partes recitadas e/ou cantadas por un grupo de persoas (os coreutas). Estas partes desenvolvíanse na orquestra, onde o coro tiña tamén espazo para danzar.



Na *fabula palliata*, aínda que non sempre encontramos a mesma estrutura, que toma dos modelos gregos, pódense distinguir as seguintes partes:

- Didascalias: obras de gramáticos posteriores nas que se indica o nome do autor, título da obra, datos sobre a data e circunstancias da súa estrea. Tamén se recolle o nome da obra grega utilizada como modelo e o do seu autor. Non sempre existiron ou se conservaron. A maior parte das obras de Plauto carecen delas.
- Argumento: resumo da obra realizado tamén polos gramáticos posteriores.
- Prólogo: exposición do argumento por un actor, un deus o un personaxe simbólico. Os prólogos de Plauto pretenden divertir e ademais inclúen chistes e advertencias xocosas aos espectadores.
- Diálogo ou *diverbia*: partes dialogadas en verso.
- *Cantica*: parte do texto das comedias que se cantaba con acompañamento da frauta.

Os comediógrafos romanos traducían ou adaptaban obras gregas. A partir de Nevio, foi unha práctica habitual o uso da *contaminatio*, que consistía en utilizar máis dun orixinal grego ou incluso máis dun autor como modelo.

4. PRINCIPAIS AUTORES TEATRAIS ROMANOS


Cómicos:

- Plauto (251 a. C.-184 a. C.) do que se conservan 21 comedias.
- Terencio (190 a. C.-159 a. C.) 6 comedias.

Tráxicos:

- Séneca (4 a. C.- 65 d. C.)

5. PLAUTO (254 a. C.-184 a. C.)




Titus Maccius Plautus gozou de gran popularidade na súa época. Naceu en Sársina (Umbria), de extracción humilde. Os datos da súa vida son moi incertos e pouco dignos de creto. Trasládouse a Roma sendo novo. Traballou no mundo do teatro e despois no comercio, onde fracasou e acabou traballando como escravo nun muíño ao tempo que empezaba a escribir comedias. Plauto é un home do pobo que vive nunha situación económica e política difícil e escribe para sobrevivir: ten que contentar o público para conseguir que os maxistrados costeasen a representación.

A **obra** de Plauto é moi extensa. Atribúenselle máis dun cento de comedias, das que conservamos 21 como auténticas segundo Varrón. Todas son *fabulae palliatae*, é dicir, comedias de tema grego. Plauto é o primeiro autor que se dedica exclusivamente a un único xénero literario.

As comedias de Plauto inspíranse en orixinais gregos da Comedia Nova, especialmente na de Menandro. Non se limitou a traducir, senón que adaptou os orixinais introducindo elementos do gusto romano. En ocasións cita o autor e a obra que emprega como modelo, ás veces incluso mestura fragmentos de distintas obras e distintos autores gregos (*contaminatio*). Os títulos que se consideran a súa obra xenuina son: *Amphitruo*, *Asinaria*, *Aulularia*, *Captivi*, *Curculio*, *Casina*, *Cistellaria*, *Epidicus*, *Bacchides*, *Mostellaria*, *Menaechmi*, *Miles gloriosus*, *Mercator*, *Pseudolus*, *Poenulus*, *Persa*, *Rudens*, *Stichus*, *Trinummus*, *Truculentus* e *Vidularia*. Normalmente, os títulos relacionados con obxectos esconden unha trama de intriga e os títulos relacionados con persoas esconden comedias de enredo.

Trazos da comedia de Plauto:

- Os **temas** que trata Plauto son o enredo amoroso, a avaricia dos amos, o enxeño dos escravos e dos parasitos para sobrevivir... con **argumentos** choqueiros e ridículos, xa de por si cómicos, inspirados na vida cotiá, que se repiten: vodas entre persoas de clases sociais diferentes, viaxes que acaban en naufraxios con inesperados superviventes, promesas de fanfarróns a mozas incautas que se deixan engaiolar rapidamente, obxectos atopados inesperadamente que cambian a situación dramática, equívocos entre xemelgos, reencontros de pais e fillos despois de anos ou vellos que encontran o amor na recta final da vida.



Representación de *Menaechmi* (Os Xemelgos),
a cargo do grupo El Ruiseñor

- Emprega **personaxes tipo** como na Comedia Nova, que responden a uns trazos determinados, estereotipados, facilmente recoñecibles e identificables para o público:

- *adulescens*: o mozo namorado

- *senex*: o vello avaro, verde, roñón, frecuentemente burlado polo fillo e o seu escravo

- *virgo*: a moza normalmente pobre, namorada dun mozo de clase superior

- *miles*: o soldado fanfarrón e mentireiro

- *meretrix*: a prostituta desenfadada e alegre

- *leno*: o lenón dono do bordel, sen escrúpulos de ningún tipo

- *coquus*: o cociñeiro etc.

- *servus*: o escravo listo, fiel, audaz e descarado, que axuda o amo a saír dun problema, creando unha situación complexa e enganando a outro personaxe para conseguir os seus propósitos.

- *parasitus*: . parasito, personaxe que vive do conto, só se preocupa de encher o estómago.

Estes dous últimos son tipos esenciais na comedia plautina e son os auténticos protagonistas das comedias.

Plauto dota os seus personaxes dun comportamento á romana, pois xuran polos deuses romanos, van ao foro, cítanse maxistraturas romanas, teñen os mesmos usos e costumes ca os espectadores, a pesar de desenvolverse a acción en Grecia e , por tanto, ser gregos.

- Os personaxes de Plauto teñen **nomes parlantes**, é dicir, nomes que indican a súa ocupación e características persoais case sempre en grego, por exemplo, Pseudolus (<ψεύδος “mentira”), enredante, mentireiro, é o nome do escravo, Artotrogo (<ἄρτος + τρώγω) devorador de pan, é un parasito, Erotia (<ἔρως “amor”) é unha prostituta, Pirgopolinices (Πύργος+ πολύ+ νικής “o que venceu ou asaltou moitas torres) é o nome do soldado fanfarrón...

- Suprime chistes refinados e explica costumes descoñecidos para os romanos. Os seus chistes baséanse na dobre interpretación, na esaxeración, no equívoco, na burla aos forasteiros, provincianos, campesiños..

- A linguaxe de Plauto adáptase a todo tipo de situacións, desde o amor até a ira, linguaxe viva, rica, popular, chea de expresións vulgares e ás veces obscenas. Plauto crea termos novos. Tamén abundan vocábulos do mundo militar, da política, do comercio, etc.

- As comedias ían precedidas dun prólogo que falta en seis das obras que conservamos. Antes de que comece a acción, unha divindade, un personaxe simbólico ou alegórico, ou un actor explica o argumento e trata de captar a atención e o favor do público. Ao final da obra un dos personaxes pedía o aplauso do público.

- As comedias están escritas en verso, os metros son variados.



Representación de Casina no Festival de Teatro Grecolatino de Lugo, 2018

Argumento dalgunhas comedias de Plauto:

Anfitrión

Anfitrión é a única comedia de Plauto de asunto mitolóxico. Segundo a mitoloxía, Xúpiter (Zeus), namorado de Alcmena, toma a forma do seu home, o rei de Tebas Anfitrión, para seducila. Aproveita a ausencia do marido, que está loitando contra os teleboes, para unirse a ela nunha noite prodixiosamente longa. Na súa aventura acompañao Mercurio (Hermes), quen á súa vez toma a forma do criado de Anfitrión, Sosias.

O recurso cómico principal usado nesta comedia é o equívoco, que se produce xa o principio cando o escravo Sosias topa co seu dobre, Mercurio, na casa do seu amo. O verdadeiro Anfitrión está desconcertado ao ver como a súa esposa o recibe friamente e crese vítima dun adulterio. Alcmena crese burlada por Anfitrión e Xúpiter e Mercurio encargáranse de leir máis a trama. Finalmente a escrava Bromia narrará o prodixioso parto de Alcmena, que dará a luz dous fillos xemelgos e o propio Xúpiter aclarará o enredo, afirmando que Ificles é fillo de Anfitrión, e Hércules o seu propio fillo..



Anfitrión polo grupo
Noite Bohemia

***Miles gloriosus* (O soldado fanfarrón)**

Pirgopolinices, un soldado fachendoso do que todos se burlan, rapta a Filocomasia, cortesá ateniense amante de Pleusicles, un mozo ateniense, e lévaa a Éfeso. O soldado recibe como regalo duns piratas a Plaestrión, escravo tamén de Pleusicles. Este viaxa a Éfeso para intentar recuperar á súa amante e escravo, hospedándose na casa contigua á do miles.

Coa complicidade de Pleriplectómeno, vello veciño do militar, o escravo Palestrión argallará todo de xeito que o seu antigo amo poda ver á súa amada. Grazas ás mañas do escravo, Pleusicles recuperará a Filocomasia e Palestrión e regresará a Atenas.



O grupo Noite Bohemia en
"Miles Gloriosus" de Plauto

***Menaechmi* (Xemelgos)**

Un home, chamado Sosicles e de alcume Menechmo, chega ó porto de Epidamno (no noroeste de Grecia) buscando a un irmán xemelgo, que perdeu cando tiña sete anos. Pero nesta cidade agárdanlle insospeitadas aventuras, paralelas ás de outro cidadán de Epidamno.

Grazas a intelixencia do escravo Mesenión, que descubre que ámbolos dous son xemelgos a comedia terá un final feliz.

Nesta comedia Plauto usa o equívoco como principal recurso cómico e se consagra como mestre indiscutible da comedia de enredo.



O grupo El Ruiseñor en "Gemelos" de Plauto

Casina

É unha das últimas comedias que escribiu Plauto e nela apréciase a súa madurez como poeta cómico. Está baseada nunha comedia grega titulada *Clerumenoí* (Os que botan a sortes)

Un vello namórase da amante do seu fillo, unha criada da casa chamada Cásina, e intenta casala co seu escravo Olimpión para poder gozar dela. A muller do vello e o escravo do fillo, Calino, descubren as súas intencións e propoñen que Cásina case con Calino, para que siga pertencendo ao fillo. A noiva deberá ser sorteada e aínda que a sorte non favoreza de entrada Calino, este apañárase para que o seu amo ausente non perda a súa amada e descubrirá a verdadeira orixe de Cásina, de xeito que a comedia teña un final feliz.



<Persa

Tóxico, un escravo que actúa como un home libre porque seu amo leva moito tempo de viaxe, está namorado de Lemniselene, unha prostituta que está en poder do leno Dórdalo e non ten cartos para liberala. Coa axuda do escravo e amigo Sagaristión urdirá un plan para conseguir a súa amada e dar un escarmento ao avaro leno. Sagaristión farase pasar por un mercador persa e venderá á filla do parasito Saturio como se fose unha escrava persa.



Persa, polo grupo El Ruiseñor

Nesta comedia Plauto prescinde de varios dos seus personaxes típicos. Esta é unha farsa de escravos, na que o protagonista compórtase como se fose un home libre, aproveitando a ausencia prolongada do seu amo: namórase, organiza banquetes e dispón dos recursos do seu amo, pero ao mesmo tempo, como escravo que é, urde un plan para solucionar o seu problema. Plauto preséntanos un mundo do revés, escravos comportándose como homes libres como un recurso cómico máis.

6. VOCABULARIO DO TEATRO CLÁSICO QUE PERDURA NA ACTUALIDADE

Expresións e termos que usamos na lingua cotiá derivan do teatro grecorromano:

Cando alguén finxe que non entende o que se lle di, dicimos que *se fai o sueco*, esta expresión non garda relación con Suecia e os seus habitantes. Sueco deriva de *soccus*, o calzado dos actores da comedia romana. Por metonimia chamábase *soccus* ao actor, a partir de aquí *facerse o sueco* é facerse o desentendido.

Coturno, calzado da traxedia grega e romana, significa tamén “estilo elevado e sublime” e o DRAE recolle a expresión *de alto coturno*, é dicir, de categoría elevada, expresión en desuso substituída por *de alto copete*, que equivale a “alta sociedade”.

Ademais destas expresións, palabras como traxedia, drama, comedia, personaxe, hipócrita, patético, escena, parodia, coro, orquestra... derivan do teatro.


Teatro orixinariamente era o “lugar para mirar, para contemplar” (<θεάτρον < θέω “ver”). Un anfiteatro era un teatro por ambos lados.

Outra palabra do teatro grego é a que denomina ao actor, *hypocrités* (ὑποκριτής “o que xulga por debaixo”), “o que finxe, o que aparenta”, de onde vén hipócrita. Un hipócrita é un actor, alguén que finxe.

Principais personaxes da comedia plautina / Principais personaxes da comedia plautina / Principais personaxes da comedia plautina /

Os actores usaban máscaras, en latín máscara é *persona*, a partir de aí persoa pasa a equivaler o personaxe teatral.

Se queres saber máis, le o capítulo “Hacerse el sueco” do libro de Emilio del Río *Latín lovers*.



CUESTIÓN SOBRE O TEATRO ROMANO E PLAUTO

1. Principais personaxes e argumentos da comedia plautina
2. Principais características da comedia plautina
3. Principais personaxes e temas da comedia plautina
4. Cítese tres comedias de Plauto e resúmase o seu argumento.
5. Cal era a pretensión de Plauto coas súas comedias e de que medios se valía para lograr ese obxectivo?.
6. Que tipo de comedia latina desenvolve Plauto? Comenta os seus trazos.
7. Relación entre a comedia latina e o teatro grego.
8. Que recursos cómicos usa Plauto?
9. Os nomes parlantes en Plauto. Explica que son e pon algún exemplo.
10. Linguaxe de Plauto e recursos cómicos.



Teatro romano de Mérida (Badajoz)

II. ORATORIA E RETÓRICA. CICERÓN

1. Introducción

A oratoria é a arte de falar en público, por iso é un instrumento poderoso de persuasión. A retórica é a disciplina que establece as normas para elaborar un bo discurso e ser un bo orador. O *orator* elabora e pronuncia o discurso (*oratio/ orationem habere*: pronunciar un discurso).

A orixe da oratoria como xénero literario remóntase aos sofistas gregos do século V a. de C. cando a democracia en Atenas estaba no seu apoxeo. En Roma floreceu en



Cicerón pronunciando as Catilinarías no Senado. Cadro de Cesare

tempos republicanos e foi declinando no Imperio. Comeza a ser coñecida a través dos *rhétores* gregos, mestres de retórica, que empezaron a chegar a Roma desde Asia Menor. Pero isto non sucede sen a oposición da clase conservadora e no ano 161 a.C. foron expulsados. Finalmente os mestres de retórica volveron a Roma, e esta arte acabou por formar parte dos plans de estudos dos mozos da nobreza, con vistas á súa preparación para a carreira política ou o exercicio da avogacía.


2. Oratoria preciceroniana

Moitos dos datos que temos da oratoria anterior a Cicerón proceden do seu diálogo *Brutus*, no que traza unha historia da oratoria romana.

- *Laudationes funebres*, son as primeiras manifestacións oratorias non escritas. Son os discursos que pronunciaba un familiar ou un achegado con motivo do funeral dun personaxe ilustre.
- Apio Claudio o Cego escribe un famoso discurso contra Pirro, que, segundo Cicerón, é o primeiro do que temos noticias.
- Pero realmente do primeiro orador que temos noticias concretas e algúns fragmentos é de Catón o Censor (234-149a. C.), interesáballes máis o contido do discurso que a forma: "*rem tene, verba sequuntur*" "domina o tema, as palabras virán detrás". Defensor dos costumes romanos fronte ás influencias helénicas.
- Oradores do Círculo de Escipión como Escipión Emiliano representan unha posición filohelénica contraria á de Catón.
- Os irmáns Graco, Marco Antonio e Licinio Craso, Hortensio Hórtalo, que foi o principal rival de Cicerón, ou o propio Xulio César forman parte da lista de oradores que precederon ou acompañaron o máis grande orador romano.
- No século I a. C. apareceron tratados de retórica escritos en latín. O primeiro foi *Rhetorica ad Herennium*, de autor anónimo, aínda que nun tempo atribuído a Cicerón. Era unha especie de resume escolar de retórica grega.
- Neste século I a. C. floreceron varias escolas de retórica: **a asiática ou asiana**, partidaria dun estilo florido e exuberante (Hortensio é o orador máis destacado), **a ática**, partidaria da sobriedade de estilo (representada por Licinio Calvo e M. Xunio Bruto), tiña como modelo a Lisias, e **a rodia**, próxima á asiática, pero máis moderada (Cicerón, aínda que ecléctico, formouse nesta escola).

3. Cicerón

3.1. Marco Tulio Cicerón (106 – 43 a. C.)



É o máis grande orador romano e a súa prosa é considerada modélica e prototipo do latín clásico. Escribiu numerosos discursos, moitos deles exemplares, como *Catilinarias* ou *Filípicas*.

Estudou en Roma, onde frecuenta os mellores oradores e xuristas da época, como Quinto Mucio Escévola, en Grecia e en Rodas, onde ten como mestre a Molón de Rodas. Foi avogado e iniciouse na política que

culmina no ano 63 a. C. ao ser proclamado cónsul. Desempeñou todos os cargos coa idade mínima esixida. Era considerado un *homo novus*, porque na súa familia, que era plebea e pertencía ao *ordo equester*, ninguén ocupara ningunha maxistratura e el conseguiu facer carreira política grazas á súa valía e esforzo. Descubriu e abortou a conxura de Catilina. A época na que viviu foi especialmente propicia para o exercicio do discurso. Foi testemuña de enfrontamentos civís: o de Mario contra Sila, o de César contra Pompeio, así como a rebelión de Espartaco e a conxura de Catilina. Defensor da República, despois do asasinato de César, arremeteu contra Marco Antonio, herdeiro en certo modo dos ideais e ambicións de Xulio César, nas súas famosas *Filípicas* e custáronlle a vida.

Despois da súa morte, o seu secretario Marco Tulio Tirón, liberto e fillo escravos da familia de Cicerón, fíxose cargo da compilación dos seus discursos, cartas e libros. Tirón pasou á historia por inventar a notación tironiana, unha especie de sistema taquigráfico baseado en abreviaturas que se ensinou nos mosteiros e seguiu utilizándose até o s. XVII.

3.2. Principais discursos

Consérvanse 57 discursos e cóñécese a existencia doutros 30. Pódense dividir en dous grandes apartados:

- Discursos xudiciais, pronunciados perante un tribunal en defensa de alguén (Pro...) ou contra alguén (In...)
- Discursos políticos, pronunciados no foro ou no senado.

Discursos xudiciais:

- *In C. Verrem*, máis coñecidos como *Verrinas*, sete discursos demoledores contra Verres, que foi gobernador de Sicilia e estaba acusado de corrupción. Abondou con pronunciar dous dos sete que escribiu para que se desterrara voluntariamente.
- *Pro Archia poeta*, ao defender a este poeta grego, defende todas as letras.
- *Pro Sextio Roscio Amerino*, onde venceu a Hortensio, o orador máis destacado do momento.
- *Pro Milone*, defende a Milón acusado de matar a Clodio, o protexido de César.

Discursos políticos:

- *In L. Catilinam*, tamén chamados *Catilinarias*, catro discursos contra Catilina, que foi candidato ao consulado xunto a Cicerón. Como non resulta elixido, Catilina tramou unha conspiración para facerse co poder. Cicerón descubriuno e arremeteu sen piedade contra el. A frase coa que comeza os seus discursos: *Quousque tandem abutere, Catilina, patientia nostra?* ("Ata cando abusarás da nosa paciencia, Catilina?")



converteuse nunha frase habitual para denunciar a corrupción e fartura dos abusos dos políticos.

- *In M. Antonium orationes Philippicae*, máis coñecidas como *Filípicas*, catorce discursos virulentos contra Marco Antonio. O poder non perdoou os ataques do orador e deulle por resposta unha morte atroz.



Fulvia, esposa de Marco Antonio, aldraxa a cabeza de Cicerón, executado no 43 a. C., por orde deste. Cadro de F. Maura e Montaner.

Nos seus discursos amosa un estilo cambiante, arranca de postulados asianos (con primacía da forma sobre o contido, de estilo ampuloso e afectado) e na última época derivou cara un aticismo moi matizado (con primacía do contido sobre a forma, de estilo máis equilibrado e sobrio). Cicerón é el e só el. Pretende facer crer que o seu estilo non é asianista nin aticista senón rodio – el estudou en Rodas – quería dar a entender un equilibrio entre as dúas escolas.

Ademais da súa obra retórica, Cicerón tivo tamén unha importante contribución á filosofía coa escritura de numerosas obras. Era seguidor da Academia de Atenas, pero tamén tivo outros mestres de diferentes tendencias, como epicúreos e estoicos, converténdose nun dos mellores representantes do eclecticismo, corrente filosófica que pretendía conciliar diferentes doutrinas aproveitando os seus elementos máis verosímiles e convincentes.

3.3 A obra retórica de Cicerón

Cicerón tamén escribiu tratados teóricos de retórica nos que expoñía os seus puntos de vista sobre o xeito de compoñer un discurso e os coñecementos que debe posuír un orador. As súas obras máis importantes son:

- *Brutus*: é unha historia da oratoria romana ata a súa persoa, en forma de diálogo entre Bruto, Ático e o propio Cicerón.
- *De oratore*: está escrito en forma de diálogo entre Cicerón e os seus predecesores e mestres, Marco Antonio e Craso. Trata sobre a formación do orador, os criterios de proporción que debe manter un texto e os segredos esenciais do estilo e da *actio* (o relacionado co momento de pronunciar o discurso).
- *Orator*: é un retrato do orador ideal e da súa teoría dos estilos. Está dedicado a Bruto.

Baseándose nos escritos dos rétores gregos, Cicerón na súa obra *Orator* explicou as **cinco fases da elaboración do discurso**:

- *Inventio*, momento de busca dos correspondentes argumentos.
- *Dispositio*, distribución adecuada dos argumentos, encadeando uns con outros.
- *Elocutio*, elección das palabras e estruturas máis axeitadas.
- *Memoria*, para recordar cada dato no lugar apropiado.
- *Actio*, todo o relacionado co momento da pronunciación do discurso: xestos, voz, énfase, etc

Tamén explicou Cicerón as **partes nas que se estrutura o discurso**:

- *Exordium*, introdución ao tema. O seu obxectivo é a *captatio benevolentiae*, captar a atención do público.

- *Narratio*, exposición dos feitos.
- *Argumentatio*, esta parte ten dúas facetas: *probatio* ou *confirmatio*, exposición razoada dos argumentos e a *refutatio*, rexeitamento das teses do adversario.
- *Peroratio*, conclusión final.

A función do discurso será *persuadere* (convencer), para iso o orador antes deberá *docere* (instruír), *delectare* (deleitar) e *movere* (emocionar).

4. A oratoria despois de Cicerón

Despois de Cicerón, a oratoria refuxiouse nas escolas de retórica, onde os seus discursos e tratados serviron de referencia e de consulta obrigada.

Entre os autores posteriores a Cicerón destacan:

- Lucio Anneo Séneca o Vello (54 a.C.-39-d.C.) nado en Corduba, en Hispania. Foi o pai de Séneca o filósofo. Escribiu unhas *Controversiae* e unhas *Suasoriae*. A controversia era unha confrontación de distintos puntos de vista sobre un tema tratado; a *suasoria* era un discurso que pretendía convencer a un auditorio dunha tese determinada.
- Publio Cornelio Tácito (55-120 d.C.), historiador, escribiu na súa xuventude unha obra en forma de diálogo, *De oratoribus*, na que se compara a elocuencia da época republicana coa do seu propio tempo, que considera xa en decadencia.
- Marco Fabio Quintiliano (35-95 d.C.), nado en Calagurris, a actual Calahorra, escribiu o manual de retórica máis famoso se se exceptúan os de Cicerón, *Institutio oratoria*, que trata sobre a formación do orador, e constitúe un estudo do sistema educativo romano do seu tempo.



Monumento a Quintiliano na súa vila natal, Calahorra (La Rioja)

5. CUESTIÓNS SOBRE A ORATORIA, RETÓRICA E CICERÓN

1. As partes habituais nos discursos de Cicerón
2. Cítense tres discursos importantes de Cicerón e coméntese brevemente o seu contido
3. Os tratados sobre retórica de Cicerón. (Hai que citar os tratados de Cicerón dedicados á formación retórica do bo orador e describir brevemente o seu contido. Para acadar a máxima puntuación nesta pregunta hai que tratar como mínimo das tres seguintes obras: *De oratore*, *Brutus* e *Orator*).
4. Principais discursos de Cicerón
5. Tipos de discursos escritos por Cicerón e algunhas obras representativas
6. Principais características dos discursos de Cicerón
7. A obra oratoria de Cicerón (Hai que citar os discursos, o seu estilo, pero tamén se debería citar a obra teórica sobre a retórica. Esta mesma resposta vale para a pregunta seguinte).
8. A produción oratoria de Cicerón
9. Tipoloxía e contido de tres discursos de Cicerón
10. Fases na elaboración dun discurso

III. A HISTORIOGRAFÍA.TITO LIVIO

1. Introducción

A historiografía naceu en Roma como imitación dos historiógrafos gregos. Trátase dun xénero literario no que se pretende facer compatible a narración de sucesos históricos coa fermosura da linguaxe.

Para os gregos o termo historia non significaba só "relato de acontecementos ordenados cun criterio cronolóxico", senón que designaba xenericamente o coñecemento adquirido por descubrimento ou investigación, especialmente sobre algo que sucedeu como consecuencia da intervención do home.


En Grecia, a mediados do século V a.C., a Historia empezou a centrarse en feitos acontecidos nun pasado máis ou menos próximo, pero desvinculados das tradicións épicas, e intentaba dar unha explicación das transformacións da sociedade e das súas causas. Neste sentido Heródoto (484-420 a.C.) e Tucídides (465-395 a.C.) foron os primeiros historiadores en sentido pleno da Antigüidade, e sería tamén un grego, Polibio (levado a Roma como refén no 168 a.C.), quen introduciría a literatura historiográfica de cuño grego en Roma.

A historiografía grega aporta unha visión do mundo racionalista: o historiador debe tratar de xustificar o porqué dos feitos ocorridos. Os romanos, a partir de Polibio, farán máis práctica esa visión grega da historia; non lles interesaba xa o "porqué", senón o "para que", tiñan que atopar no pasado a xustificación do seu poderío presente.

En Roma o afán de veracidade viuse limitado polas súas **características**:

- Alto grado de patriotismo o que impediu a algúns historiadores ser imparciais.
 - Compromiso político de algúns historiadores, que eran parciais e partidistas.
 - Carácter moralizante, xa que para moitos a Historia era o mellor medio para transmitir os costumes dos antepasados (*mores maiorum*).
 - Compoñente retórico. Cicerón consideraba a Historia o *opus maxime oratorium*, e debía estar condicionada ás leis da retórica.
- A historiografía nace a finais do século III a.C., impulsada polo forte sentimento nacionalista que xurdiu tralas vitorias de Roma nas Guerras Púnicas.

Como nos demais xéneros literarios, o contacto ca cultura grega foi determinante na orixe da historiografía. Pódese ver a influencia de autores como Tucídides, Polibio e outros.



2. Historiadores romanos

Época arcaica (III-II a. C.)

Analistas (S. III-II a. C.)

Fabio Pictor e L. Cinio Alimento (escriben en grego)

Catón (S. III-II a. C.)

Origines

Analistas (II-I a. C.)

Casio Hemina, Mucio Escévola, Valerio Antias e Claudio Cuadrigario (escriben en latín)

Época clásica (I a. C.)

César

Comentarii de bello gallico
Comentarii de bello civili

Salustio

Bellum Catilinae
Bellum Iugurthinum
Historiae

Cornelio Nepote

De viris illustribus
De excellentes ducibus
Vida de Catón
Vida de Ático

Época posclásica (I d. C.)

Tito Livio

Ab urbe condita libri

Suetonio

De viris illustribus
De vita XII caesarum

Tácito

Annales
Historiae

Época decadente (II - IV d. C.)

Compilación e resumo das obras históricas de períodos anteriores, materia atractiva para un público que buscaba a distracción na lectura de temas históricos.

Floro

Eutropio

Breviarum ab urbe condita

Amiano Marcelino

Autores da Historia Augustea

3. Tito Livio

Datos biográficos



Tito Livio (59 a.C.- 17d.C.) naceu na cidade de Padua nunha familia acomodada. Marchou a Roma no ano 30 a. C. e alí entra en contacto con Augusto, quen respectaba as súas tendencias republicanas. É un home que se mantén afastado da vida política e entregado á redacción das súas obras. Ao morrer Augusto, retirouse á súa cidade natal.

Obra literaria

Nos 142 libros da súa obra *Ab Vrbe condita* (Desde a fundación da Cidade) narrou a historia de Roma desde as orixes ata o seu tempo, concluíu coa morte de Druso no ano 9 a.C. Non todos os períodos están tratados coa mesma amplitude. Os primeiros séculos están resumidos nuns poucos libros e a narración faise máis extensa conforme avanza a obra no tempo e se aproxima á época do autor.

Debido á súa enorme extensión, comezou moi axiña a publicarse en grupos de dez libros ou décadas. Só se conservan 35 libros e os últimos incompletos. Quedan recompilacións ou resumos (*Epítomes ou Periochae*) de cada libro, atribuídos a Floro (s. II d.C.), que nos dan idea de toda a parte perdida.

Concepción da historia

Fronte ás monografías dos seus dous predecesores (César e Salustio), Tito Livio escribe unha gran historia nacional coa que pretende glorificar o pasado de Roma. O seu propósito é ético e didáctico: é o deber da Historia dicir a verdade e ser imparcial pero a verdade debe presentarse cunha forma elaborada e literaria. Coincide con Salustio na concepción moralista e exemplarizante da Historia “é preciso coñecer a historia de Roma para imitar o bo e rexeitar o malo”.

Fontes e método


O método histórico non é rigoroso. A historia é para el unha obra de arte máis que de ciencia. Utiliza como fontes aos primeiros analistas e a Polibio, pero o seu nacionalismo exacerbado lévaos a deformar a realidade en detrimento das nacións estranxeiras. O seu espírito crítico é practicamente nulo, aínda que intenta ser honesto. Son abundantes os anacronismos e as imprecisións.

Estilo

Era un extraordinario escritor que usa períodos longos ao estilo ciceroniano, nunha prosa elocuente, clara, ordenada con discursos frecuentes postos na boca dos seus personaxes elaborados por el mesmo.

4. EUTROPIO

Biografía.



Naceu pouco despois do 320 d.C. Contemporáneo do emperador Valente e de Xuliano. Morreu con posterioridade ao ano 387 ou 390.

Non se coñece con certeza o seu lugar de nacemento, crese que puido ser Italia ou ben na provincia de Asia, polo seu nome grego.

Desempeñou distintos cargos na administración imperial, escalando no *cursus honorum* dende secretario (epistularis) ata cónsul, xa que no ano 387 compartiu o consulado co emperador Valentiniano II.

Serviu fielmente nunha época difícil e cambiante a cinco emperadores: Constancio II, Xuliano, Xoviano, Valente e Valentiniano II.

Non sabemos nada da súa vida privada.

Obra.

A petición do emperador Valente escribiu o *Breviarium Historia Romae*. O emperador, cousa non rara naquela época, posiblemente fose un home inculto, aínda que con grandes desexos de instruírse. Quizá por isto escribiu Eutropio en latín, xa que o grego era descoñecido polo emperador.

A súa actividade literaria debeu ser ampla, aínda que só se conservou a súa obra *Breviarium*. A dedicatoria da súa obra a Valente é proba da súa gratitude cara ao emperador.

O título da obra ben pode entenderse como resumo, ou síntese persoal procedente de varias obras. Este xénero historiográfico tivo moito éxito en Roma, pois era un xénero moi demandado polo público. Divídese en dez libros, onde narra a historia de Roma desde a fundación da cidade até a morte de Xoviano no ano 364.

Limitase a transmitir os acontecementos máis significativos e só na historia dos emperadores engade algunhas características dos mesmos, moi curtas polo xeral, pero brillantes pola súa imparcialidade.

Utiliza como fontes a Tito Livio, sobre todo para a época da monarquía e a república; Suetonio e unha serie de autores secundarios (Fabio Píctor, Floro...).

5. Cuestións sobre a historiografía e Tito Livio


1. Tito Livio e a historiografía romana
2. Principais características da obra historiográfica de Tito Livio (Débense explicar brevemente algunhas características principais da obra *Ab urbe condita* de Tito Livio: contido, estrutura, fontes, lingua, estilo, etc)
3. Orixe da historiografía en Roma
4. Diferenzas entre a historiografía grega e a romana.
5. Relación entre a obra de Tito Livio e a de Eutropio.

IV. A ÉPICA . VIRXILIO

1. Introducción

A épica é un xénero literario que narra as fazañas dun heroe ou as xestas gloriosas dun pobo. A denominación de “poesía épica” provén do adxectivo grego ἐπικός derivado do substantivo ἔπος “palabra, relato»” e xa especificamente “poesía narrativa”.

O xénero épico xurde en Grecia cos poemas homéricos, que son a testemuña literaria máis antiga en lingua grega. Na *Ilíada* narrábanse acontecementos da guerra de Troia e na *Odisea* o regreso de Ulises ou Odiseo á súa patria Ítaca. Os protagonistas destas obras eran heroes, seres que estaban por riba do home común e se converteron en modelos de conduta. Para os antigos estas obras eran unha especie de Biblia, libros básicos de lectura e comentario cos que se educaron incontables xeracións de homes de Occidente.



busto de Homero

2. Características principais da poesía épica latina

- A épica latina non xorde na tradición oral propia, senón que se iniciou desde o ámbito escrito a través da imitación dos autores gregos. É unha épica culta, consecuencia da vontade compositora de diversos autores, que ten unha función claramente educadora, didáctica.

- Sempre está escrita en verso, o hexámetro dactílico.

- Normalmente canta ou celebra as fazañas dos personaxes heroicos máis recoñecidos por unha comunidade. Ten unha finalidade enxalzadora, como a *Eneida* de Virxilio, que exaltaba as orixes do pobo romano e a sociedade e a política da época augústea.

- Os protagonistas da épica, os heroes, estaban dotados de valores como a lealdade, a valentía, dispostos a morrer polo seu pobo e sentían un gran respecto pola vontade divina. Encarnaban o ideal de conduta da comunidade e se converten nun modelo a seguir.

- Utiliza fórmulas (versos enteiros ou partes de versos que serven como epítetos que caracterizan personaxes humanos ou divinos, v. gr. *pious Aeneas*,), símiles ou comparacións, que indican o paso dun episodio a outro, relaxan a atención despois de momentos dunha tensión especial (v. gr.: narración dun combate)

1 arma vi rumque ca no, || Troi ae qui primus ab oris
Itali am fa to profu gus || La vinaque venit
litorea multum ille et ter ris || iac tatus et alto
vi supe rum, || sae vae memo rem lu nonis ob iram,
5 multa quo quæ et bel lo pas sus, || dum conderet urbem
infer retque de os Lati o || genus unde La tinum
7 Alba nique pa tres || at quæ altæ moenia Romæ.

Primeiros versos da *Eneida*, compostos co hexámetro dactílico: seis pés métricos formados por dactílos que se poden substituír por espondeos. (Imaxe de

3. Autores e obras representativas

Época arcaica

- Livio Andrónico (284-204 a. C.) escribe en verso saturnio *Odussia*, o primeiro poema épico romano, que é unha adaptación ao latín da *Odisea* de Homero
- Gneo Nevio (261-201 a. C.) escribiu *Bellum Poenicum*, que narra os enfrontamentos armados da primeira guerra púnica, na que o autor participou.
- Ennio (239-169 a. C.) en *Annales* narra a historia de Roma en hexámetros dactílicos dende o final da Guerra de Troia até a época mesma do autor.

Época clásica

- Virxilio (70 a. C. – 19 a.C.) escribe a Eneida, poema épico-heroico que narra o periplo de Eneas, heroe troiano.
- Ovidio (43 a.C.-17 d.C) no seu poema *Metamorfoses* relata os cambios que sofren diversos seres mitolóxicos. É unha obra de difícil clasificación, entre a poesía épica e a didáctica.
- Lucano (39-65 d. C.) escribiu o poema épico-histórico *Farsalia*, que narra a guerra civil entre Xulio César e Pompeio.

Época posclásica

As epopeas latinas posteriores pecan de excesiva retórica e ornamento.

- Silio Itálico: *Punica*, que se centra na segunda guerra púnica
- Valerio Flaco: *Argonautica*, poema de inspiración grega que narra as aventuras de Xasón e os Argonautas na busca do vélaro de ouro
- Papinio Estacio escribiu *Tebaida*, narra o enfrontamento entre os fillos de Edipo polo trono de Tebas e *Aquileida*, sobre Aquiles.

4. Virxilio

Publio Virxilio Marón (70 - 19 a. C.) naceu cerca de Mantua, no norte de Italia. Estudou en Milán e Roma. Interésase pola filosofía epicúrea, en Nápoles estuda co epicúreo Sirón. Regresa a Roma e entra nos círculos literarios de Mecenas e do emperador Octavio Augusto, e identifícase cos seus proxectos. Apoiado por este, escribe *Xeórxicas* (poema didáctico dedicado ao cultivo do campo) e máis tarde a Eneida, que lle levou dez anos.

A morte sorprendeuno en Brindisi, cando regresaba da viaxe a Grecia e Asia Menor para visitar os lugares cantados no poema. Antes de morrer ordenou que esta obra fose queimada, pero os seus amigos non lle fixeron caso e publicárona tal e como el a deixara, con algúns versos incompletos, coa autorización do emperador Augusto.



Mosaico de Virxilio acompañado das Musas,
Museo Bardo de Tunisia

Outras obras de Virxilio

Bucólicas: obra, dentro do subxénero lírico da égloga, que trata dos amores e a música dos pastores, da natureza, no marco idílico da Arcadia, unha rexión de Grecia. Tivo moita influencia na Idade Media e no renacemento. O propio Cervantes, Lope de Vega ou Garcilaso cultivaron este subxénero.



Representación da Arcadia,
F. A. von Kaulbach.

Xeórxicas: As Xeórxicas, publicadas no 29 a.C., dentro do xénero da poesía didáctica, é un poema que trata de glosar e informar acerca das labores do campo, tanto da agricultura como da gandería, ademais de representar un eloxio á vida rural e un canto á natureza.

5. A *Eneida*

A *Eneida* é o poema épico latino por excelencia, considerada a epopeia nacional de Roma. Foi escrita por encargo de Augusto, pois Roma necesitaba unha obra coa que identificarse, que enxalzara as súas orixes e o seu glorioso destino e que xustificase, dalgún xeito, o dominio de outras terras por parte de Roma.

Tema

O poema narra as aventuras de Eneas, heroe troiano, fillo de Anquises e Venus, desde a súa saída de Troia até a súa chegada ás costas de Italia. Instalado no Lacio, casa con Lavinia, filla do rei Latino. Por medio do seu fillo, Iulo, establécese un vínculo coa gens Iulia á que pertencía Augusto e do fundador lendario de Roma, Rómulo. O que desencadea a acción responde ás características do xénero épico: todo sucede pola ira da deusa Xuno, que se manifesta ao comezo da obra e que non se aplaca ata o remate.



Eneas fuxe da destrución de Troia

Estrutura

Foi escrita en hexámetros dactílicos e distribuída en doce libros, nos seis primeiros libros nárranse as aventuras de Eneas na súa viaxe de Troia a Italia, ao xeito da *Odisea* homérica, nos seis últimos relátanse os conflitos en terras italianas até lograr o seu obxectivo final, tal e como ocorre na *Ilíada*.

Fontes

As fontes do poema son as obras de Ennio e Homero. Os seis primeiros libros evocan as peripecias de Ulises na Odisea: naufraxios, tempestades, relatos autobiográficos, baixada aos infernos. Os seis últimos, en cambio, con duelos singulares, guerreiros que se arman lenta e minuciosamente, mortes patéticas lembran a *Ilíada*.

A *Eneida* presenta elementos propios da épica tradicional (símiles e comparacións, fórmulas ...). O inicio da acción, a ira da deusa Xuno, recorda a ira de Aquiles na *Ilíada* (á súa vez provocada pola ira de Apolo), e a ira de Posidón na *Odisea*.

Pero Virxilio introduce unha novidade importante: o uso da profecía. A través de diversas profecías narra os grandes momentos da historia de Roma, que lle permiten loar a Augusto.

Personaxes

A diferenza de Homero, Virxilio é máis un pintor de sentimentos ou estados anímicos que de caracteres. Os personaxes están tratados cunha gran profundidade psicolóxica.

- ENEAS, é un heroe piadoso, “pius Aeneas”, é dicir, amante da súa patria, dos seus antepasados, do seu pobo e obediente á vontade dos deuses, guerreiro que acata constantemente o mandato divino ou o *fatum*, o destino. Está retratado como un ser humano compasivo.
- DIDO, raíña de Cartago, muller fogosa, namorada, moi vital.
- TURNO, guerreiro rival de Eneas, personaxe importante na segunda parte do poema.
- NISO, EURÍALO, PALANTE: mozos guerreiros de Eneas, que perden a vida na flor da idade.
- OS DEUSES desempeñan un papel importante na *Eneida*. Venus é a protectora de Eneas, o seu fillo, mentres que Xuno busca a súa destrución.

Estilo

A *Eneida* é unha épica feita de dores e de paixóns, escrita con gran penetración psicolóxica e espírito elexíaco. Virxilio contempla a homes que sofren e caen, non a soldados que combaten e realizan prodixios de heroísmo. O propio heroe do poema, Eneas, non é un puro guerreiro, como Aquiles, senón o pius Aeneas, o heroe relixioso e humano, desgarrado por unha traxedia interior: ten que obedecer aos deuses, e por iso abandona, contra a súa vontade, a Dido; e por iso mata, contra a súa vontade e tras dubidalo moito, a Turno, o seu antagonista. Eneas parece un heroe brando, comparado coa ferocidade de Aquiles; pero non é brandura, senón humanidade de sentimentos, non incompatible co valor guerreiro.

A *Eneida* é una obra dunha gran perfección formal., na que abundan as comparacións e as figuras retóricas, con frases simples, léxico poético pero carente de afectación e barroquismo. Combina os seus versos épicos coa axilidade dos neotéricos ou “poetae novi” tendo por mestre ao propio Catulo.

O gran mérito de Virxilio foi escribir unha epopea nacional grandiosa en tempos xa históricos. Aínda que o heroe desta epopea procedía do mundo grego, o poeta soubo convertelo no prototipo das calidades do home romano.

Finalidade da obra

Semella que Virxilio, a instancias de Mecenas e de Augusto, pensou primeiro na posibilidade de compoñer un poema épico cantando as xestas de Augusto; pero afortunadamente decidiuse por un tema máis grandioso e máis acorde coa súa robusta inspiración e a súa independencia artística: a exaltación de Roma nas súas orixes mitolóxicas.

Nevio e Ennio cantaran a historia de Roma ata o seu tempo. Ambos tocaran as orixes, pero como unha digresión. Virxilio convérteos no tema fundamental da súa epopea, pero tamén consegue habilmente inserir na *Eneida* a glorificación de Augusto, da súa familia e doutros personaxes e familias ilustres.

Na baixada de Eneas aos infernos, Anquises fai desfilar ante os seus ollos, como nunha procesión, os heroes gloriosos que vai procrear Roma; e Virxilio aproveita para enxalzar á familia de Augusto, a familia Iulia, á que fai descender de Iulo, fillo de Eneas.

No libro VIII, Venus, nai de Eneas, pide a Vulcano que forxe un escudo para o seu fillo, episodio inspirado no canto XVIII da *Ilíada*, no que Homero describe o escudo que Hefesto fabrica para Aquiles, a petición da súa nai Tetis. Vulcano grava no escudo unha sucinta historia de Roma e, como motivo central, a gloria de Augusto na batalla de Accio (2 de setembro de 31 a. C.) que tivo lugar no Golfo de Ambracia e o promontorio de Accio, en Grecia, na que como tropas comandadas por Augusto e o seu lugartenente Marco Agrippa, derrotaron ao seu rival, e antigo aliado, Marco Antonio, que estaba acompañado da raíña Cleopatra. Deste xeito Virxilio identifica, nunha hábil síntese, a historia nacional coa historia da dinastía imperial.




Augusto de Prima Porta, onde o emperador aparece representado como un heroe mitolóxico, acompañado por un Cupido que alude á súa parentela con Venus

Resumo do argumento da *Eneida*

As naves troianas nas que Eneas, xunto cos seus homes, se dirixe a Italia son desviadas as costas africanas pola cólera de Xuno. Alí Eneas coñecerá a raíña de Cartago Dido, a quen relatará a súa fuxida de Troia, salvando ao seu pai Anquises que morre antes de chegar a Cartago, e as distintas aparicións e profecías que lle auguraban un futuro glorioso. Co consentimento das deusas Venus e Xuno, Dido e Eneas terán unha historia de amor, pero seguindo os mandatos dos deuses, Eneas deberá abandonar a Dido e proseguir o seu camiño. A raíña maldice a Eneas e o seu pobo (así se explicaría a inimizade entre cartaxineses e romanos) e suicídase.

Eneas prosigue a súa viaxe, pero tras unha tempestade, as súas naves van dar ás costas de Sicilia. Alí deixa a parte dos seus homes e seguindo as instrucións do seu pai morto, que se lle aparece en soños, diríxese a Cumas, en Italia, para consultar á Sibila. Acompañado da Sibila, Eneas baixa ao Averno ou Inferno, onde o seu pai Anquises explícalle os misterios da vida e predille o futuro glorioso de Roma

Eneas chega ás costas de Italia onde é acollido favorablemente polo rei Latino, que lle ofrece a man da súa filla Lavinia, seguindo unha profecía. Xuno, irritada, intenta impedir a voda facendo que Turno, rei dos rútilos e antigo prometido de Lavinia, busque alianzas con pobos do Lacio e lle declare a guerra a Eneas. Eneas alíase con Evandro, rei de Arcadia asentado no Lacio, e enfróntase a Turno, a quen acabará vencendo e matando.



Sinopse da *Eneida*

LIBRO I: As naves dos troianos, que sucen o mar de Sicilia, son arroxadas ás costas africanas por unha violenta tempestade que lles envía a rancorosa Xuno. Venus, quen pouco antes obtivera de Xúpiter garantías sobre o futuro do seu fillo, aparéceselle a Eneas como unha cazadora, e infórmalle de que se atopa nas terras da fenicia Dido, agora raíña de Cartago.

Entra Eneas nesta cidade co seu amigo Acates rodeados por unha nube que os oculta, contemplan a cidade e escoitan o relato de Ilioneo, que se presentou ante a raíña á fronte dunha embaixada de troianos. Eneas envía a Acates en busca de seu fillo Ascanio e de agasallos para Dido, logo de saír da nube e mostrarse á vista de todos.

Venus suplanta a Ascanio por Cupido e logra que o corazón da raíña se inflame de amor. A raíña ofrece un banquete aos seus hóspedes e pide a Eneas que lle conte as súas aventuras.

LIBRO II: Comezan os recordos de Eneas, tal como llos conta a Dido no banquete, e que se van a estender ao longo de dous libros.

Neste cóntase a caída e saqueo de Troia, logo que os gregos lograron introducir o cabalo na cidade. No medio da confusión da noite aparécese a Eneas a pantasma de Héctor que lle anuncia o desastre e lle pide que escape e busque novas murallas para os deuses da cidade.

Eneas decide abandonar a patria para o que ha de vencer, axudado por sinais do ceo, a resistencia de Anquises, o seu pai. Saen ao fin, pero no camiño pérdese definitivamente Creúsa, a esposa do heroe, quen se encamiña ás montañas co seu pai e Ascanio, o seu fillo.



Eneas e Dido, P.-N. Guérin, Louvre.

LIBRO III: Eneas, cos compañeiros que puideron escapar á catástrofe, prepara unha flota e navega ás costas de Tracia. Comeza así un periplo no que reciben profecías sobre o seu destino: na illa de Delos, a Creta, de onde deben partir precipitadamente por mor da peste, e ás illas Estrófades, onde se enfrontan e vencen ás Harpías.

Chegan ás costas de Epiro, onde atopan a Andrómaca e Héleno; anúncialle este o seu brillante porvir e advírtelle dos perigos que debe evitar na navegación cara a Italia. Bordean as costas de Sicilia e, fronte ao Etna, atopan ao grego Aqueménides, supervivente da expedición de Ulises, que lles refire a aventura co Ciclope Polifemo.

Evitan logo os escollos de Escila e Caribdis seguindo os consellos de Heleno, e chegan ao fin ao porto de Drépano, onde morre Anquises, o pai do heroe. Vén logo a tempestade que os arroxou ás praias de África, co que termina o relato de Eneas á raíña.

LIBRO IV: É o famoso libro dos amores de Dido e Eneas. Dido, vencendo o recordo do seu primeiro marido morto, Siqueo, entrégase á paixón por Eneas. Xuno e Venus, por razóns ben distintas, acordan -as dúas están finxindo- propiciar a unión de Dido con Eneas e unir aos dous pobos.

Saen os heroes de cacería; protexidos nunha cova dunha repentina tormenta, consúmase o seu himeneo. Instigado polas súplicas de Iarbas, pretendente rexeitado por Dido, Xúpiter envía a Mercurio para que recorde a Eneas o obxectivo da súa misión e repróchalle o seu abandono.

Prepara entón en segredo a partida, pero Dido descóbree e intenta convencelo de mil maneiras para que se quede ao seu lado.

Ao non conseguilo, a raíña decide quitarse a vida e maldicir para sempre a Eneas e ao seu pobo. Parten as naves troianas mentres asoman por encima das murallas as chamas da pira de Dido.



Suicidio de Dido, A. Sacchi.

LIBRO V: Con tan funesto augurio, as naves son arroxadas de novo por unha tempestade ás costas de Sicilia, sen poder alcanzar Italia. Acólleos con amabilidade o rei Acestes, e celebra entón Eneas sacrificios e xogos no sepulcro do seu pai. As mulleres de Troia, preocupadas pola súa difícil situación e en vista de que non alcanzan o final da perigosa viaxe, instigadas por Iris, mensaxeira de Xuno, incendian a flota e conseguen destruír catro naves; Xúpiter envía unha choiva milagrosa que impide a destrución total.

Anquises aparécese en soños ao seu fillo e aconséllalle que deixe a parte da súa xente en Sicilia e se dirixa a Cumas, en Italia, onde debe conseguir a axuda da Sibila para baixar ao Averno, ás moradas infernais de Plutón ou Dite. Obedece Eneas ao seu pai, e no camiño perde a Palinuro, o piloto da súa nave.

LIBRO VI: Chega por fin Eneas ás costas de Italia, a Cumas. Entrevístase coa Sibila, escoita o seu oráculo e pídelle que o acompañe ás mansións infernais para ver ao seu pai.

Percorren ambos os infernos, logo que o heroe consegue a póla de ouro que lles franquea o paso. Atopan a sombra de Palinuro, antes de cruzar a lagoa Estixia na barca de Caronte; chegan ás Chairas do Choro, onde atopan a Dido e ao xentío dos soldados troianos mortos na guerra.

Descrición do Tártaro e os seus suplicios. Chegan aos Campos Elíseos, onde, por fin, pode Eneas falar coa pantasma do seu pai. Anquises explica ao seu fillo a orixe do mundo e os misterios da vida nos infernos; para rematar, vaille

describindo as persoas dos que logo han de ser heroes da Roma que agarda a súa hora; destaca aquí o eloxio do mozo Marcelo, sobriño e herdeiro de Augusto, morto prematuramente. Animado ao comprender a misión de Roma na historia do mundo, abandona Eneas as moradas infernais pola porta de marfil.

LIBRO VII: Comeza a segunda parte do poema, as guerras no Lacio, e así nolo indica o propio poeta cunha segunda invocación ás Musas. Navega a flota troiana seguindo as costas de Italia, desembarcan nas beiras do Tíber e establecen os troianos o seu campamento. Eneas, ao ver cumprido o vaticinio da Harpía Celeno, reconece nestas terras a patria que lle ten asignado o destino.

Envía mensaxeiros ao rei Latino, quen o acolle favorablemente e, en cumprimento da antiga profecía, ofrécelle en matrimonio á súa filla Lavinia. Irritada de novo Xuno, envía á terra á furia Alecto, que ha de enfrontar a latinos e troianos para impedir a voda; manobras de Alecto con Amata, a esposa do rei Latino, e o propio Turno, rei dos rútuos, a quen xa Latino prometera a man da súa filla, e que era o pretendente favorito da raíña Amata. Ascanio mata nunha cacería a un cervo da pastora do rei Silvia, e este incidente é a faísca que acende a guerra entre ambos pobos. Descrición das tropas aliadas de Turno, entre as que destaca Camila, raíña dos volscos.



Tu eris Marcello, cadro de D. Ingres, que representa a Virxilio lendo o libro VI da Eneida ante Augusto e a súa irmá Octavia, que se desmaia ante a mención do seu fillo morto.

LIBRO VIII: Turno busca axuda entre todos os pobos do Lacio. O deus do Tíber aparécese en soños a Eneas e advírtelle, tras infundirlle ánimos, que debe buscar a alianza con Evandro, rei arcadio que tempo atrás se estableceu co seu pobo no monte Palatino, xusto onde máis tarde haberán de alzarse as murallas da alta Roma. Parte Eneas en busca de Evandro e este recíbeo favorablemente. Venus, preocupada polas guerras que agardan ao seu fillo, solicita o favor de Vulcano, quen ordena aos seus Ciclopes que preparen para o heroe unhas armas marabillosas. Por consello de Evandro, que fai que o seu propio fillo Palante se aliste xunto a Eneas, o heroe troiano parte en busca das tropas tirrenas, en pé de guerra contra Mecencio, o seu antigo rei, hoxe aliado de Turno. Venus aparécese a Eneas e entrégalle as armas; descrición minuciosa do escudo, no que aparecen gravadas futuras fazañas de Roma.

LIBRO IX: Aproveitando a ausencia de Eneas que lle descobre Iris, Turno pon sitio ao campamento troiano e queima as súas naves, que a deusa Cibeles converte en Ninfas do mar.

Aventura nocturna de Niso e Euríalo, quen tratan de romper o cerco para avisar ao seu rei da difícil situación do campo troiano; a morte de ambos amigos fai que decaia máis a moral dos soldados troianos.

Turno ataca con redobradas forzas, e o propio Ascanio debe empuñar as armas contra os atacantes, dando morte a Numano. Pándaro e Bitias intentan enganar aos asediadores e ábrenlles a porta que lles foi confiada, pero Turno advirte o engano e entra no campamento causando gran matanza entre os seus inimigos ata que, rexeitado e acosado, ha de arroxarse coas súas armas ao Tíber.

LIBRO X: Convoca Xúpiter a asemblea dos deuses para discutir a guerra do Lacio; ante a imposibilidade de conciliar os criterios de Xuno e de Venus, decide o pai dos deuses permanecer neutral e deixar a guerra en mans do fado e as súas disposicións.

Cando os rútuos preparan un segundo ataque, preséntase Eneas coas tropas tirrenas e as que Evandro puxo baixo o mando do seu fillo Palante; as naves transformadas en Ninfas avisárono do perigo que corrían os troianos. Eneas desembarca e comeza o combate no que morre Palante a mans de Turno. Cando máis enfurecido está o heroe troiano por vingar a morte do seu amigo, Xuno consegue de Xúpiter que saque a Turno do campo, librándoo dunha morte inminente; para iso pónenlle diante unha pantasma coa figura de Eneas, e o rei dos rútuos perségueo por terra e por mar ata as ribeiras de Ardea, onde sae avergoñado do seu erro. Toma Mecencio o mando do exército latino ata que é ferido por Eneas, quen despois dá morte ao seu fillo Lauso. Dor de Mecencio, que volve afervorado ao combate e é morto por Eneas.

LIBRO XI: Celebra Eneas en honor de Marte a morte de Mecencio, e envía á cidade de Evandro os restos de Palante. Chegan mensaxeiros do rei Latino a pactar unha tregua para dar sepultura aos mortos; accede Eneas. Regresan á corte de Latino os mensaxeiros que enviara a Diomedes e anuncian que non puideron conseguir a súa alianza; isto provoca un debate na asemblea dos latinos, e Turno e Drances enfróntanse en defensa da guerra e a paz cos troianos, respectivamente.

Chega á asemblea a noticia do avance de Eneas sobre Laurento e prepárase a defensa da cidade. Sae Camila á fronte do seu escuadrón de cabalería e se traba combate no que morre a heroína a mans de Arrunte; a Ninfa Opis vinga a súa morte por encargo da deusa Diana. Dispérsase o exército latino ante a morte de Camila e acode de novo Turno para salvar a situación. Chega ao campo de batalla á vez que Eneas; é de noite e ambos prefíren acampar ao pé das murallas de Laurento.

LIBRO XII: Acepta Turno enfrontarse en combate singular segundo a proposta de Eneas, e que a man de Lavinia sexa para o vencedor.

Persuadida por Xuno, a Ninfa Iuturna, irmá de Turno, actúa entre o exército latino e consegue que se rompa o pacto porque Tolumnio dispara os seus dardos contra os troianos. Renóvase o combate e é ferido Eneas. Mentres Turno se aproveita da súa ausencia, o caudillo troiano é curado milagrosamente cunhas herbas que lle envía a súa nai.

Busca logo a Turno, pero Iuturna, transformada no auriga Metisco, manteno afastado do combate; decide entón Eneas iniciar o asalto final á cidade. Ante tan delicada situación afórcase a raíña Amata, e a espantosa noticia lanza a Turno ao combate decisivo, tras descubrir o engano inútil da súa irmá. Morre Turno a mans de Eneas.



Acordo entre Camila e Turno, F. de Mura, imaxe do blog [Grand Tour](#)



Eneas ferido e curado polo médico Iapix, fresco pompeiano

6. Cuestións sobre a épica e Virxilio.

1. Principais características da épica latina
2. A obra épica de Virxilio
3. Principais características da poesía épica de Virxilio
4. Contido e estrutura da Eneida de Virxilio
5. Que se entende cando se fala de Eneas como “pius” e en que momentos concretos da trama épica se mostra como tal?
6. Argumento da *Eneida*
7. Eneas como modelo de heroe.
8. Finalidade da *Eneida*
9. Principais personaxes da *Eneida*.
10. Fontes da *Eneida*: relación coa obra de Homero e innovacións de Virxilio.

V. A LÍRICA. HORACIO


1. Introducción

O nome de lírica deriva da palabra grega λύρα “lira”, debido a que na antiga Grecia era o instrumento de corda co que se acompañaba a recitación, costume perdido en Roma. O título máis característico deste tipo de composición é oda ou *carmen*.

Fronte a poesía épica, que narra fazañas en terceira persoa, a lírica ten un carácter subxectivo, describe os sentimentos do poeta en primeira persoa. O poeta invoca á persoa amada ou aconsella a un compañeiro de banquete, aos concidadáns ou ataca e maldice a alguén. Na poesía lírica utilízanse un gran número de metros variados e as composicións teñen unha pequena extensión, a diferenza dos poemas épicos.

A poesía lírica latina xurdiu en Roma no século II a. C. a partir de modelos gregos. A finais deste século aparecen os que poden ser considerados os primeiros poetas líricos: o círculo de Quinto Lutacio Cátulo (150-87 a. C.). A penas quedan fragmentos da súa poesía, que era de tema erótico e tiña unha gran variedade de metros.

No século I a. C. florece en Roma un grupo de poetas coñecido como *poetae novi* ou *neoteroi* (do grego νεοτέροι “máis novos”), chamados así por Cicerón irónicamente porque rexeitaban a tradición latina. Inspíranse nos poetas alexandrinos, especialmente en Calímaco, escriben poemas breves e moi coidados e tratan temas variados entre os que destaca o amor. O seu máximo representante sería Gaio Valerio Catulo (87 – 54 a. C.).



*Muller con lira,
Leopold Schmutzler*

Os destinatarios da poesía lírica son un público culto e esixente que aprecia os temas de interese do poeta, que xa non está condicionado por entreter, educar ou cantar as glorias da patria, funcións tradicionais da literatura romana.

Co paso da República ao Imperio, no mandato de Augusto, os poetas volven asumir o papel de educadores, como os poetas da antiga Grecia, e comprométese coa sociedade.

Aínda que pertencían a clases altas e non precisaban axuda económica, os poetas póñense ao servizo dun home poderoso que actuaba como protector. **Mecenas** (70-8 a. C.) foi o patrón que mediaba entre poetas e Augusto. Foi tamén un importante impulsor das artes, protector de novos talentos da poesía e amigo de destacados autores como Virxilio e Horacio. A súa dedicación artística acabou por facer do seu nome, Mecenas, un sinónimo daquel que fomenta e patrocina as actividades artísticas desinteresadamente.



*Virxilio, Horacio e Vario con Mecenas,
Ch. F. Jalabert*

Os **subxéneros líricos**, todos eles de orixe grega, clasifícanse segundo o tipo de verso. Algúns deles son:

- Égloga: composición de temática pastoril e paisaxes idílicas. Neste subxénero destaca Virxilio.
- Elexía: composición de temática variada: lamento, vida morte e amor. Galo, Tibulo, Propercio e Ovidio son os máximos representantes.
- Epigrama: Composición breve de temática satírica. Destaca Marcial, escritor de orixe hispana.
- Oda: aplícase a todo poema cantado de temática variada: relixiosa, heroica, filosófica ou amorosa. Horacio é o poeta máis destacado.

2. Catulo

Biografía

Gaio Valerio Catulo (87-54 a. C.) naceu en Verona no seo dunha familia economicamente próspera. Tocoulle vivir nun período axitado para Roma, a época que vai da ditadura de Sila ao inicio da campaña de César en Britania.

Instalouse en Roma pouco despois de cumprir os vinte anos e dedicouse por completo á poesía; ilustra nos seus *carmina* as etapas do seu sentimento amoroso cara a Lesbia, pseudónimo posto en honor da súa admirada Safo (poetisa grega do s. VI a. C.) á súa amada, que en realidade chamábase Clodia, irmá do tribuno Clodio, o máis encarnizado inimigo de Cicerón. Clodia era unha muller adiantada ao seu tempo, que escollía as súas relacións amorosas, feito que lle reportou unha malísima reputación e fixo que o amor de Catulo se tornase en odio e lle dedicase versos mordaces.



*Catulo en casa de Lesbia,
Sir Lawrence Alma-Tadema*

Obra

Conservamos 116 poemas de Catulo de gran variedade temática e extensión: poesía erótica, sátiras, epigramas, etc.

- Poemas de tema mitolóxico: son os máis extensos son e inspiración alexandrina, como o *Epitalamio de Tetis e Peleo*, no que narra o mito de Teseo resaltando o abandono de Ariadna, ou *A Cabelleira de Berenice*, poema traducido de Calímaco, no que imaxina os cabelos da raíña de Exipto convertidos en cometa.
- Poemas líricos ou *carmina* de describen o seu amor-odio por Lesbia
- Epigramas satíricos dirixidos aos seus inimigos.

3. Horacio

Biografía

Quinto Horacio Flaco (65 a.C. – 8 a.C.) naceu en Venusia (actual Venosa), no sur de Italia, fillo dun liberto. Recibiu unha educación esmerada en Roma e na mesma Atenas, entusiasmándose coa filosofía epicúrea. Loitou contra as tropas de Augusto na batalla de Filipos. Após a derrota, regresou a Roma e acadou o favor de Mecenas grazas á influencia de Virxilio e a través del coñeceu a Augusto.

Co apoio de Mecenas e Augusto puido dedicarse por completo á actividade literaria, lonxe de actividades políticas e cargos públicos, e á protección do emperador. Correspondeu o apoio de Augusto facendo propaganda da súa política e dedicándolle moitos dos seus poemas.



A obra lírica

Épodos (*iambi*)

Son 17 pezas, están a medio camiño entre a poesía satírica e a lírica. Para a súa composición inspírase especialmente no poeta grego Arquíloco. Tratan temas variados: políticos, amorosos, sobre a amizade con Mecenas ou escritos contra os seus inimigos persoais.

Alguns foron compostos durante o triunvirato, período anterior á subida ao poder de Augusto, e neles predomina a expresión dos temas íntimos do poeta, e percíbese pouca simpatía polos triunviros (Marco Antonio, Lépido e Octavio Augusto) e apréciase unha maior liberdade de expresión, propia da época republicana.

É coñecido de xeito especial o que comeza por *Beatus ille*, que Frei Luís de León traduciu primeiro e imitou despois na súa Oda á vida retirada. É un eloxio da apracible vida no campo, pero que en Horacio ten un carácter satírico, pois na última estrofa o prestamista que o recita, apúrase a seguir sacando rendemento do seu diñeiro, esquecendo as ansias de converterse en labrego.

Dentro do xénero lírico hai que citar tamén o *Carmen Saeculare*, poema que Augusto lle encargou con motivo dos Xogos Seculares do ano 17 a.C. Nel invoca aos deuses, comezando e terminando por Apolo e Diana, para que presten o seu apoio e favor divino a Roma no presente e no futuro.

Odas (*carmina*)

Escritas entre o 30 e o 20 a.C., son 104 composicións reunidas en catro libros, o último engadido xa ao final da súa vida. Utiliza temas e metros gregos, estrofas eólicas sobre todo, tendo como mestres a Safo, Alceo, Anacreonte.

Os temas son moi variados: amores, banquetes, dedicacións de templos, partida e regreso dun amigo, a grandeza de Roma e de Augusto, etc. A maioría das odas poderían, polo seu contido, dividirse en :

- Odas amorosas. Son unhas vinte, dedicadas a Lidia, Pirra, Cínara...
- Odas filosóficas. Algunhas conteñen ideas estoicas, pero son máis abundantes as que transmiten os ideais da súa filosofía epicúrea: hai que estar libre de ambicións desmesuradas, que producen infelicidade e contentarse cunha dourada medianía, *aurea mediocritas*, onde está a felicidade perfecta. Por outra banda, a vida é curta e hai que aproveitar e vivir o momento presente, *carpe diem*.
- Odas nacionais. Son fundamentalmente as seis primeiras do libro III e algunhas do libro IV que celebran as fazañas de Druso e Tiberio.

Valor literario

A característica máis notable do estilo horaciano é a concordancia perfecta entre o pensamento e a expresión, aínda que ás veces lle reste sentimento e espontaneidade. A poesía non é para el unha distracción, senón unha esixencia continua de perfección. Ningún outro poeta latino lle iguala no *labor limae*, "o traballo da corrección" na obsesión pola perfección formal.

5. Cuestións sobre a lírica e Horacio

- 1.Principais diferenzas entre a poesía épica e a poesía lírica latinas
2. Principais características da poesía lírica latina.
3. A poesía lírica de Horacio
4. Principais temas da poesía lírica de Horacio
5. Relación de Horacio con Augusto
6. Estilo de Horacio

LECTURAS:

PEQUENA ANTOLOXÍA DE TEXTOS

DA LITERATURA LATINA



I. PLAUTO

Amphitruo (Versión de Ricardo Martín)

ACTO SEGUNDO, ESCENA PRIMERA

(Anfitrión, Sosias)

ANFITRIÓN.- ¡Venga, venga!..., ¡Sígueme!

SOSIAS.- ¡Voy, voy!

ANFITRIÓN.- Pienso que eres un perfecto hijo puta.

SOSIAS.- ¿Yo? ¿Por qué?

ANFITRIÓN.- Porque me cuentas cosas que ni han sucedido ni podrán suceder jamás.

SOSIAS.- ¡Ya estamos! ¡Vuelta la burra al trigo! ¡Nunca tienes confianza en los tuyos, Anfitrión!

ANFITRIÓN.- ¡Pero, bueno! ¿Qué modales son esos, por Hércules? ¡Maldito seas! ¡Te voy a arrancar esa maldita lengua!

SOSIAS.- Soy tu esclavo; puedes hacer lo que quieras... Pero, hagas lo que hagas..., ¡nunca conseguirás que deje de contar las cosas como han sucedido!

ANFITRIÓN.- (Fuera de sí) ¿¡Te atreves a decir que estás en casa al mismo tiempo que te diriges a ella, so estúpido?

SOSIAS.- ¡Es la verdad!

ANFITRIÓN.- ¡Los dioses te castigarán por esto y yo lo voy a hacer hoy en su nombre! (Le arrea unas collejas)

SOSIAS.- (Humilde) Puedes hacerlo; ya te he dicho que soy tu esclavo.

ANFITRIÓN.- ¿Cómo tienes la osadía de afirmar que un hombre está en dos sitios al mismo tiempo, canalla?

SOSIAS.- ¡Tal y como te lo cuento, Anfitrión!

ANFITRIÓN.- ¡Así te parta un rayo!

SOSIAS.- ¿A qué viene esa maldición?...Te ahorraría comprarte otro esclavo.

ANFITRIÓN.- (Vuelve a darle) ¡Mentiroso, cobarde, cochino!

SOSIAS.- (Humilde, pero en sus trece) ¡No te miento, Anfitrión!... Te conté lo que sucedió.

ANFITRIÓN.- ¡Bah!... ¡Estás borracho!

SOSIAS.- ¡Ojalá así fuera!

ANFITRIÓN.- ¿Dónde has bebido?

SOSIAS.- En ningún sitio.

ANFITRIÓN.- ¡Dioses, qué hombre este, qué hombre!

SOSIAS.- ¡Anfitrión! Ya te lo he dicho cien veces... ¡Estoy en casa! Te repito que yo, Sosias, estoy aquí, a tu lado, y estoy en casa... ¿Me expreso con claridad o no?

ANFITRIÓN.- ¡Bah!... ¡Lárgate de mi vista!

SOSIAS.- ¿Y eso por qué?

ANFITRIÓN.- ¡Porque tienes la peste!

SOSIAS.- ¡Pues yo me encuentro sano y robusto!

ANFITRIÓN.- (Zumbándole de nuevo) ¡Pues conseguiré lo que mereces: que enfermes y mueras! Olvidaste lo que te dije y ahora quieres chotearte de mí, capullo. Pretendes que me trague cosas imposibles... ¡Pero te aseguro que estas mentiras se volverán contra tus propias espaldas!

SOSIAS.- (Humilde) Mira, Anfitrión, ¡esta es la miseria más miserable que puede venir contra un esclavo ejemplar, que cuenta a su amo la verdad y la verdad es vencida por la violencia!

ANFITRIÓN.- ¡A ver, hombre a ver!... Piensa conmigo. ¿Cómo demonios puedes estar aquí y en casa?... ¡Venga! ¡Explicámelo!

SOSIAS.- ¡Te aseguro que estoy aquí y allí!... Te podrá parecer extraño, porque más me lo parece a mí... ¡Que los dioses me ayuden!... Si ni siquiera yo mismo, Sosias, podía creérmelo, hasta que el otro Sosias, o sea, yo mismo, me lo aclaró... Me explicó, muy detalladamente, lo que ocurrió en el frente..., además..., ¡ni una gota de leche se parece a otra gota de leche como él se parece a mí!... Con otras palabras, cuando tú me enviaste aquí... (Duda)

ANFITRIÓN.- Sigue...

SOSIAS.- (Tajante) ¡Yo ya estaba en casa mucho antes de llegar a ella!

ANFITRIÓN.- (Aparte) A este hombre, no sé cómo, pero alguna mano bruja lo atrapó después de alejarse de mí.

SOSIAS.- ¡Pues, sí, hombre, sí!... Lo de la mano es cierto, porque estoy molido a puñetazos.

ANFITRIÓN.- ¿Pero quién te atizó?

SOSIAS.- ¡Yo mismo a mí mismo!... El que ahora está en casa, vamos...

ANFITRIÓN.- ¡Ten cuidado, ¿eh?, ten cuidado! ¡Y responde solo a lo que te pregunto! (Paternalista) Venga, Sosias, haz memoria: a ver, mira: antes de nada, quiero que me expliques bien quién es ese Sosias.

SOSIAS.- ¡Es tu esclavo!

ANFITRIÓN.- (Dándole) ¡Contigo tengo más que de sobra!

SOSIAS.- ¡Pues, mira, Anfitrión! Al llegar a casa, te encontrarás a otro esclavo Sosias además de mí. Es hijo de Davo, o sea, de mi padre, tiene la misma traza y los mismos rasgos que yo... Resumiendo; ¡te ha nacido un Sosias gemelo!

ANFITRIÓN.- (Aparte) ¡Qué cosas tan extrañas, dioses, qué cosas! (A Sosias) ¿Y viste a mi mujer?

SOSIAS.- No; no se me permitió ni siquiera entrar en la casa.

ANFITRIÓN.- ¿¡Pero quién te lo prohibió!?

SOSIAS.- ¡El Sosias del que te estoy hablando!... ¡El que me atizó!

ANFITRIÓN.- ¡Maldito seas!... ¡Sería en sueños donde has visto tú a ese otro misterioso Sosias!

SOSIAS.- ¡No suelo yo cumplir en sueños tus órdenes!... Despierto lo vi, como despierto te veo, como despierto hablo y como despierto estaba cuando él, también despierto, me atizó con sus puños.

ANFITRIÓN.- (Dejándolo por imposible) ¡Sí, sí! ¡Anda! ¡Camina, camina!... No dices más que tonterías.

SOSIAS.- Pronto sabrás la verdad, cuando conozcas al otro Sosias.

ANFITRIÓN.- ¡Sí, claro que sí, claro que lo sabré! ¡Anda, vamos, camina, que ya estoy impaciente por ver a mi mujer! (Inician el mutis pero se echan atrás al ver que sale Alcmena en estado de idílica felicidad)



Anfitrión, polo grupo Noite Bohemia

II. CICERÓN

Non hominis nomen El prodigio de Cicerón

El nombre de Cicerón, afirmaba Quintiliano, no es ya el de un hombre, sino el de la elocuencia misma (*iam non hominis nomen, sed eloquentiae*). ¿De dónde surgió Cicerón, ese prodigio de la lengua latina? Comenzaremos por el redoble que abrió su carrera como político y orador. Un debut excepcional como abogado defensor.

En el año 80 a. C., Roma acababa de dejar atrás el período más terrible de su historia. Durante las proscripciones del dictador Sila, que había devuelto sangrientamente el poder a la clase senatorial, no sólo habían sido asesinados numerosos «proscritos» —es decir, personas a las que el dictador, sin necesidad de pruebas, declaraba enemigos públicos—, sino que muchos romanos se habían aprovechado de la confusión para librarse de


enemigos personales y enriquecerse.

Por suerte, el propio dictador restableció pronto la legislación penal, lo que permitió juzgar algunos de esos terribles casos. Uno de los primeros en rendir cuentas fue un tal Sexto Roscio, originario de Amelia, en Umbría. Se le acusaba de haber asesinado a su propio padre por asuntos de dinero: *parricidium*, el más terrible de los delitos, no sólo en la patriarcal Roma. Tan claro y sencillo parecía el caso que la acusación ni siquiera se había esforzado en prepararlo. Para sorpresa de los jueces, muchos romanos notables se sentaban junto al acusado para mostrarle su apoyo. Sin embargo, ninguno de ellos tomaba la palabra para defenderlo.

Sería un hombre de veintiséis años, Marco Tulio Cicerón, quien se presentase como defensor. El año anterior se había dado un poco a conocer como hábil abogado en un par de procesos civiles. Y en ese momento salía por voluntad propia al primer plano. *Credo ego vos, indices, mirari...* «Creo, jueces, que os preguntaréis», dijo, alterando el habitual orden sintáctico latino y colocando verbo y pronombre al principio de la frase, «por qué razón, si están aquí sentados tantos excelentes oradores y hombres distinguidos, me levanto precisamente yo, que no puedo compararme ni en edad, ni en ingenio, ni en autoridad con los que están sentados» (*quid sit quod, cum tot summi oratores hominesque nobilissimi sedeant, ego potissimum surrexerim, is qui neque aetate neque ingenio neque auctoritate sim cum his qui sedeant comparandus*).

Justamente eso era, en verdad, lo que estaban pensando los jueces. Como haría con frecuencia a lo largo de su carrera, Cicerón empezaba su discurso convirtiendo en palabras los pensamientos callados de su público, para construir, de ese modo, sus argumentos sobre el consenso de los oyentes. Después hizo aumentar la tensión posponiendo la respuesta precisa, descartando otras posibles. ¿Sería él, Cicerón, especialmente audaz (*audacissimus*)? En absoluto. ¿Tendría acaso un sentido del deber (*officiosior*) superior al resto? Ni pensarlo. Y entonces, como respuesta formal a la pregunta, una idea sorprendente, que desarrolló desde múltiples ángulos: el resto de los presentes eran hombres de importancia que no podían, según Cicerón, permitirse abrir la boca ante un asunto tan delicado, tan políticamente explosivo (vemos qué pronto aparece la noción de *res publica*). Sólo a él, a Cicerón, por ser un pipiolo en política, se le dejaría hablar. No era ninguna sorpresa que se le hubiera rogado con tanta insistencia que se ocupara del caso.

WILFRIED STROH



*El latín ha muerto ¡Viva el Latín!,
Wilfried Stroh. Ediciones del subsuelo.*

El discurso de Cicerón avanzaba con la minuciosidad necesaria para aumentar las expectativas del público. Sin embargo, aún no había dicho nada relevante. Y entonces alcanzó el punto más alto de tensión dejando caer su frase más importante, de pasada, como si no fuera consciente de su significado: *Forsitan quaeratis qui iste terror sit...* (Quizá podríais plantearos de qué horror se trata). ¿Quizá? Así fue desvelando poco a poco la cuestión oculta: no era sorprendente que los jueces no supieran qué razones impedían hablar a los notables allí presentes, ya que la acusación había guardado silencio sobre el verdadero motivo y condición del proceso. ¿Cómo? ¿Y cuáles serían esos motivos? Entonces, con su voz poderosa, pronunció cada palabra con intensidad y fuerza:

*bona patris huiusce Sexti Rosci, quae sunt sexagies,
quae de viro fortissimo et clarissimo Lucio Sulla,
quem honoris causa nomino,
duobus milibus nummum sese dicit emisse
adulescens vel potentissimus hoc tempore nostrae civitatis, Lucius
Cornelius Chrysogonus*¹

Los bienes del padre de Sexto Roscio, que valen seis millones de sestercios,
al muy valiente y muy noble Lucio Sila,
a quien menciono con honor,
dice haberlos comprado por dos mil sestercios
un hombre joven, quizá el más poderoso hoy de nuestro estado: Lucio
Cornelio Crisógono.

¡Qué revelación! No era el presunto y avaricioso parricida quien se hallaba en posesión de la inmensa fortuna, sino un liberto griego, favorecido por el dictador Sila, que llevaba el poco propicio nombre de Crisógono (retoño de oro). Por un puñado de monedas había adquirido esos enormes bienes durante las subastas públicas de las proscripciones, según se encargaba él mismo de afirmar (con astucia, Cicerón dejaba abierta la posibilidad de que la compra no se hubiera producido). Mediante una sola afirmación, el proceso adquiría una perspectiva por completo distinta: el Estado ya no castigaba a un parricida, sino que eliminaba a un inocente para que un ladrón pudiera disfrutar en paz de su botín.

El defensor se convertía así en acusador. Tras haberse retenido, Cicerón abría ahora las compuertas de la poderosa retórica para atacar la profunda infamia que se ocultaba tras la acusación. ¿No parece esto el mundo al revés?

